

# TEMA 1.- O ANTIGO RÉXIME



**I.- QUE É O ANTIGO RÉXIME?**

**II.- CARACTERÍSTICAS XERAIS**

**A.- DEMOGRAFÍA**

**B.- ECONOMÍA**

**B.1.- AGRICULTURA**

**B.2.- INDUSTRIA**

**B.3.- COMERCIO**

**C.- SOCIEDADE**

**D.- POLÍTICA**

**E.- A ARTE DO FINAL DO  
ANTIGO RÉXIME: O ROCOCÓ**

# I.- QUE É O ANTIGO RÉXIME?

Coa expresión “**Antigo Réxime**” os historiadores designan ao sistema económico, social e político que caracterizou ao período de tempo que se viviu na maior parte dos Estados europeos desde finais do século XV ata o comezo da Revolución francesa de 1789.

Esta etapa caracterizábase por un **sistema económico** baseado no predominio do sector primario, unha actividade artesanal organizada e regulada polos gremios e unha actividade comercial en auxe, dirixida pola burguesía. A sociedade dividíase en **estamentos**, con desigualdades políticas e fiscais entre eles, a nobreza e o clero eran *privilexiados* e o Terceiro Estado formaba parte dos *non privilexiados*. O goberno da maioría dos Estados era a **monarquía absoluta**.



“*Dama con dous cabaleiros*”,  
*Johannes Vermeer*, pintor  
holandés do s. XVII.



- ? 1.- Define o concepto de **Antigo Réxime**.

# I.- QUE É O ANTIGO RÉXIME?

? 1.- Define o concepto de *Antigo Réxime*.

Que é?

Cando?  
Onde?

Características  
principais?




“Dama con dous cabaleiros”,  
Johannes Vermeer, pintor  
holandés do s. XVII.

## Sabías que...?

O termo *Antigo Réxime* utilizouse por primeira vez durante a Revolución francesa de 1789 para facer referencia ás institucións anteriores (como por exemplo, a monarquía absoluta, a sociedade estamental...) que se consideraba necesario suprimir.





# II.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ANTIGO RÉXIME

## A.- DEMOGRAFÍA

A poboación experimentou nesta etapa un **crecemento moi lento**, con frecuentes etapas de estancamento e mesmo de retroceso. Isto debemos relacionalo coa estreita dependencia entre o crecemento da poboación e o retraso da agricultura, actividade da que dependían a meirande parte das persoas.



Pódese falar dunha poboación predominantemente rural cuns trazos demográficos comúns: **alta natalidade** (descoñecemento de métodos anticonceptivos e tendencia á existencia de familias numerosas); **mortalidade moi elevada** (esperanza de vida moi reducida e alta mortalidade infantil) e **crecemento natural moi baixo ou mesmo negativo!**

**Os factores que freaban o crecemento demográfico eran:** a falta de coidados médicos, a falta de hixiene e a mala alimentación. Ademais, de forma cíclica, **outros motivos** contribuían ao lento crecemento da poboación: as epidemias (peste, tuberculose, viruela...); as crises de subsistencia vinculadas ás malas colleitas, nas que a poboación carecía de alimentos suficientes; as guerras, constantes durante esta época; a emigración cara aos novos lugares descubertos.

- ? 2.- A que pode atribuírse especialmente o **escaso crecemento da poboación** durante o Antigo Réxime?
- 3.- Indica e explica as **razóns** que provocaban ese escaso e lento crecemento demográfico.
- 4.- Define o concepto de **Réxime demográfico antigo**.


# II.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ANTIGO RÉXIME



## A.- DEMOGRAFÍA

- ? 2.- A que pode atribuírse especialmente o **escaso crecemento da poboación** durante o Antigo Réxime?
- 3.- Indica e explica as **razóns** que provocaban ese escaso e lento crecemento demográfico.
- 4.- Define o concepto de **Réxime demográfico antigo**.



*“Modelo de crecemento da poboación propio da Idade Media e do Antigo Réxime que se caracteriza por ter unha natalidade moi elevada, ...*





“Campeŝiños e soldados loitan fóra da taberna”, Jan Havicksz Steen, pintor holandés do s. XVII.

*“Jacques Benard nace en Magny o 19 de maio de 1664. Casa o 1 de xullo de 1687 con Barbe Pigeon, da mesma idade.*

*O seu fillo maior, Nicolàs, nace o 19 de febreiro de 1688 e morre o 29 de novembro do mesmo ano.*

*O 19 de abril de 1691 nace Jean, que morre o 7 de maio de 1706.*

*O 12 de xaneiro de 1693 nace unha nena, Marguerite, que morre un ano máis tarde, o 14 de maio de 1694.*

*Igualmente, Joseph nace o 28 de decembro de 1695 e morre á idade de sete anos.*

*Só sobreviviron dúas fillas: Barbe e Marie, nadas en 1698 e 1703 respectivamente. A primeira casa con Jacques Cardonnet en 1722. A segunda, con Laurent Montegagne, o 16 de abril de 1728.*

*A nai, Barbe Pigeon, morre o 15 de novembro de 1703, algúns meses máis tarde que o seu fillo Joseph. Una vez viúvo, Jacques volve a casar o 20 de maio de 1704 con Catherine Picot, de 33 anos de idade. Jacques morre o 3 de abril de 1715”*

Extraído dos rexistros parroquiais de bautismos, matrimonios e defuncións de Magny-en-Vexin (Francia).



*“Familia campesina”, Louis Le Nain, pintor francés do s. XVII.*



## B.- ECONOMÍA


O sistema económico do Antigo Réxime estaba baseado nunha **economía de subsistencia**, na que predominaba o sector primario, (máis do 80% da poboación adicábase á agricultura e á gandería). Nas cidades, as principais actividades eran o traballo artesanal e o comercio, que foi crescendo paulatinamente.

### B.1.- AGRICULTURA


A agricultura e a gandería eran a principal fonte de riqueza e a base da economía. Tratábase dunha **agricultura moi tradicional** e de **baixa produtividade**, as explotacións adicábanse maioritariamente ao **autoconsumo** e poucas veces obtíñanse excedentes, polo que os intercambios eran escasos.



? 5.- Define o concepto de **Economía de subsistencia**.



► As actividades agrícolas seguían sendo **moi dependentes do clima** (secas, xeadas, inundacións...) e na **tecnoloxía e métodos de cultivo** empregados non se produciron grandes avances (con excepción de Gran Bretaña e Holanda). Facían uso duns útiles anticuados e tradicionais, abonos naturais (esterco de persoas e animais), sistemas de rotación de cultivos que incluían a práctica do **“barbeito”** (parte das leiras permanecían un ano sen cultivar, en repouso...); predominio dun cultivo extensivo de carácter cerealístico... Por todo iso a **produtividade era baixa**, polos que os campesiños sufrían unha situación de pobreza xeneralizada, afogados ademais polos impostos que debían pagar aos propietarios das terras!



*Gravado da “Enciclopedia”, cos campesiños realizando tarefas agrícolas.*

► En canto á **propiedade da terra**, predominaba un “réxime señorial” (conxunto de relacións sociais e económicas herdadas da época feudal). Os propietarios pertencían case sempre a estamentos privilexiados como a nobreza ou o alto clero. Tratábase dunha propiedade **“amortizada”**, vinculada a unha familia nobre a través do fillo máis vello (*morgado*), a unha comunidade eclesiástica como un mosteiro (*ben de mans mortas*) ou a un concello, **non podéndose vender nin dividir**. Estes propietarios vivían das rendas que a terra lles proporcionaba e ademais gobernaban e exercían xustiza na súa propiedade.

► A maior parte das terras eran traballadas por **campesiños que dependían dos propietarios**. En Europa occidental e mediterránea os campesiños eran teoricamente libres e cultivaban a terra en réxime de **arrendamento**. En Europa central e oriental os campesiños eran **servos**, e polo tanto carecían de liberdade persoal e pertencían, ao igual que as terras, aos señores propietarios.




6.- Realiza un esquema que sirva para **caracterizar** a agricultura do Antigo Réxime.

7.- Define os conceptos de **Barbeito**, **Propiedade amortizada**, **Morgado** e **Servo**.

## B.- ECONOMÍA

- ? 5.- Define o concepto de **Economía de subsistencia.**



### B.1.- AGRICULTURA

- ? 6.- Realiza un esquema que sirva para **caracterizar** a agricultura do Antigo Réxime.



Que vida a nosa...! Sempre traballando... e para obter unha colleita miserable!! Nunca terei excedentes, esa parte da colleita que podería vender se...

Por riba o Señor esíxenos todo tipo de pagos con parte da colleita... tanto esforzo para pasar fame...!!

Tampouco debo esquecer o pago do dezmo á Igrexa...


Se fago contas quedamos só cunha pequena parte da colleita... e aínda teño que reservar unha porción para a semente do próximo ano!!



? 7.- Define os concepto de **Barbeito**, **Propiedade amortizada**, **Morgado** e **Servo**.



*Propiedades que por lei non se podían dividir nin repartir, ás veces nin sequera eran explotadas.*

**Morgado:** Institución que obrigaba a transmitir todo o patrimonio ao fillo maior das familias nobres, polo que as terras eran cada vez máis grandes e difíciles de administrar.



## B.2.- INDUSTRIA


Durante o Antigo Réxime, a produción artesanal era, xunto co comercio, a principal actividade económica nas cidades, nas que se mantivo un sistema de produción xa existente nos últimos séculos da Idade Media, **o obradoiro artesanal**. As agrupacións de artesáns, chamadas **gremios**, conservaban o monopolio da produción artesanal, preocupándose sobre todo por asegurar a calidade dos produtos. Este sistema permitía unha **produción limitada** e satisfacía as necesidades dun **mercado local** reducido debido ao **elevado prezo** dos produtos.





*A vivenda-tenda-obradoiro do mestre abríase á rúa na planta baixa. Alí atópabase o obradoiro e máis a tenda. Co mestre-artesán traballaban os oficiais e aprendices. O traballo realizábase a man, con instrumentos tradicionais, polo que a produción era escasa, pero de importante calidade.*

? **8.-** Explica que eran os **gremios** e indica as características máis destacadas do sistema gremial.

## B.2.- INDUSTRIA



? 8.- Explica que eran os **gremios** e indica as características máis destacadas do sistema gremial.




No Antigo Réxime apareceron **novos sistemas de produción industrial**, que pretendían escapar do rixido control gremial e aumentar a produción artesanal:

► O “**sistema a domicilio**” (domestic-system), localizado na zona rural como unha actividade artesanal que complementaba a actividade agrícola-gandeira dos campesiños. Estaba dirixido por mercaderes que subministraban as materias primas aos campesiños, para que estes traballasen nas súas casas e fabricasen o produto (case sempre téxtil). Os mercaderes pagaban moi pouco polo traballo e despois encargábanse da súa venda.



► As “**manufacturas**” concentraban nun local (precedente da futura fábrica capitalista) a moitos traballadores. Este tipo de industria non introduciu demasiadas innovacións tecnolóxicas. En ocasións o propietario era o propio Estado, noutros casos naceron por iniciativa da burguesía. A súa produción tendeu a especializarse en obxectos de luxo para o consumo das elites, ou en satisfacer a demanda de armas dos exércitos.




? 9.- Que **sistemas de produción industrial** xurdiron no Antigo Réxime? Explica as súas principais características.






9.- Que **sistemas de producción industrial** xurdiron no Antigo Réxime? Explica as súas principais características.



*Para aumentar algo máis as súas ganancias, os campesiños ocupaban o tempo libre que lles quedaba noutro tipo de labores. Ás veces, os comerciantes lles levaban o liño ou a la que necesitaban para fiar ou tecer, pero noutros casos eran os propios campesiños os que producían as materias primas: sementaban liño, coidaban ovellas... Con este sistema aumentaba a produción, pero a calidade do produto...*



*A **manufatura** permitiu unha progresiva especialización do traballo, un aumento da produción e un abaratamento dos prezos, ademais a supervisión do traballo aumentaba a calidade dos produtos. Desta maneira a manufatura converteuse no precedente do que máis tarde chamaremos fábrica, momento que se alcanzará cando se faga uso das...*

## B.3.- COMERCIO

► O **comercio terrestre** apenas experimentou cambios. A tendencia ao autoconsumo mantivo ás distintas zonas illadas unhas doutras. Pervivían os **obstáculos** que imposibilitaban as relacións comerciais: o mal estado e a inseguridade dos camiños; un sistema de transporte lento e con pouca capacidade; as aduanas interiores; os diferentes sistemas de pesos, medidas e moedas, ...

► A novidade foi o crecemento, especialmente a partir do s.XVIII, do **comercio colonial** entre as metrópoles europeas (España, Portugal, Inglaterra, Holanda e Francia) e as súas colonias de América, Asia e África. O comercio máis destacado foi o denominado **comercio triangular**, realizado entre Europa e América a través do Atlántico, con escala en África (manufacturas, trata de escravos negros, produtos tropicais e metais preciosos). Foi importante tamén o comercio co surl este asiático e coa India, centrado especialmente no tráfico de especias, té e tecidos de algodón.




? 10.- Comenta os **obstáculos** cos que se atopaba o comercio terrestre?

? 11.- Entre que países ou territorios se realizaba o **comercio colonial**? Cales foron as principais **rutas** e que produtos se comercializaban? Quen se **beneficiaba** dese comercio?


## B.3.- COMERCIO



10.- Comenta os **obstáculos** cos que se atopaba o comercio terrestre?




As **vías terrestres** pouco melloraron con respecto á Idade Media, os camiños eran case intransitables no inverno, sen esquecer que estaban cheos de perigos: asaltos dos ladróns, accidentes... Ademais os comerciantes atopábanse con “aduanas” cada vez que entraban nos dominios dalgún Señor, polo que o produto encarecíase. Por iso onde había **ríos navegables** as mercadorías se transportaban por vía fluvial.




? **11.-** Entre que países ou territorios se realizaba o **comercio colonial**? Cales foron as principais **rutas** e que productos se comercializaban? Quen se **beneficiaba** dese comercio?



*En América eran vendidos os escravos e o resto das mercadorías. Cos cartos obtidos, os comerciantes adquirían azucre, algodón, café, tabaco... que saían cara a Europa, onde se vendían a moi bo prezo. E o capital seguía medrando!*

*Os beneficios do comercio eran invertidos en Europa na construción das “primeiras manufacturas” téxtiles, armerías... De alí saían barcos cargados de tecidos, fusís e, en menor cantidade, alcol, aceite, bagatelas... en dirección á costa africana.*





*En África occidental vendíanse a maior parte deses produtos, e comprábanse unha gran cantidade de escravos negros que embarcaban cara a América.*





A abundancia de terras nas colonias permitiu o cultivo de enormes **plantaci3ns**, nas que se obtiñan grandes cantidades de produtos tropicais que eran exportados a Europa. Os propietarios eran colonos europeos e os que traballaban eran indixenas ou escravos negros.

# AS GRANDES RUTAS COMERCIAIS



O auxe dos intercambios levou á burguesía comercial a unir as súas forzas e os seus cartos para aumentar os seus beneficios, naceron así Bancos, Compañías de Seguros, Consulados, Bolsas de Cambio (onde se podía comprar e vender accións...). Especialmente importante foi o papel das **Compañías Comerciais**, formadas por comerciantes que aportaban o seu capital mediante a compra de accións, se repartían os beneficios ou se responsabilizaban das perdas en función do diñeiro aportado. As Compañías gozaban de **monopolios** e privilexios concedidos polas distintas monarquías europeas, a cambio de parte dos beneficios, por suposto!. Este monopolio podía ser sobre un produto o sobre un área xeográfica, na que a Compañía tiña completa liberdade para organizar a explotación do territorio que tiña encomendado e incluso podía eliminar pola forza a quen se lle opoñía.

*Comerciantes reunidos no patio da sede da Compañía holandesa das Indias Orientais en Amsterdam, importadora de teas, especias e porcelanas do Extremo Oriente.*

